

*Xosé Eduardo López Pereira*

" **A** filoloxía románica descubriu un novo Primado de Galicia en Occidente", dixo Otero Pedrayo ó se referir a aquela lírica medieval na que afloraba a alma galega e que Monaci e Michaëlis fixeran saír á luz<sup>1</sup>. Eu non sei en que outro primado de Galicia pensaría Otero Pedrayo, pero ben poidera ser o dos escritores do século V, os primeiros escritores indíxenas galaicos, que se expresaban na lingua que daquela se falaba en todo o Occidente, o latín. Nesta lingua, na que se entendían tódalas persoas cultas, expuxeron o seu pensamento relixioso ou histórico escritores coma Prisciliano e Orosio ou Hidacio, escribiu Arxirio os seus himnos e relatounos Exeria a súa viaxe de peregrina a Terra Santa. Eles foron os nosos primeiros escritores, e eles constitúen o primeiro primado literario de Galicia en Occidente.

Non cabe dúbida de que, cando todos eles escribían aló polo século V -tan só Prisciliano a finais do IV (foi axusticiado en Trier o ano 385)- a súa luz brillaba de tal forma neste rincón de Occidente que atraía cara a el as miradas dos homes máis sabios da época, coma Agostiño. Foi este bispo de Cartago quen nos deixou a súa primeira impresión daquel instante en que se atopou con Orosio: "Chegou ata min (...) Orosio, de inxenio desperto, elocución fácil e ansioso de saber (...)"<sup>2</sup>.

Non é, pois, unha opinión persoal nin un criterio moderno a positiva valoración de Orosio. As palabras de Agostiño bastaría con engadirlle os máis de 300 manuscritos conservados da súa obra -número totalmente desacostumado cando se fala de autores antigos- para decatarse de como foi estimado polos lectores e a crítica dos séculos inmediatamente posteriores.

Con Orosio forma parella, aínda que inferior en méritos, o primeiro cronista de Occidente, Hidacio, nacido na Limia e que, a partir do ano 427, sería bispo de Chaves.

---

1. *Ensaio histórico sobre a Cultura Galega*, Galaxia, Vigo 1982, p. 149.

2. *Ep.* 166, 2. En carta a Evodio calificaba a Orosio de *studiosissimus iuvenis*, *Ep.* 169, 13.

Son estes dous escritores os que nos van servir para confirmar ese “primeiro primado literario de Galicia no Occidente”, naquel lonxano século V, cando o resto de España pasaba por un dos momentos máis escuros da súa literatura, despois do fulgor despregado en Roma por aqueles escritores que non tiñan de hispanos máis có feito da súa orixe, coma Lucano, Séneca ou Marcial, e despois, tamén, do brillo acadado polo gran poeta lírico Prudencio de Calahorra ou o máis épico Xuvenco, que compuxo en 3.200 hexámetros de ton virxiliano unha historia de Xesús<sup>3</sup>.

Atenderemos, pois, nesta ocasión ós representantes máis xenuínos dun xénero literario tan estimado entre os latinos como ignorado polos escritores e a moderna crítica literaria: a historiografía. Non se pode esquecer que a historia era considerada coma *opus oratorium maxime*, como se desprende das recomendacións que Atico lle dá a Cicerón, para que se anime a escribila<sup>4</sup>. Ten sido moi discutida esta expresión de Cicerón e interpretada habitualmente como que a historia había que escribila nun ton retórico, onde a verdade, ás veces, quedaba oculta entre fermosas descripcións e lugares comúns. Isto xa non se pensa desde o traballo de Leemann, para quen Cicerón quere significar que a historia hai que tratala de maneira digna formalmente, nun estilo fluído e sen altibaixos<sup>5</sup>.

Deixaremos para outra ocasión figuras tan senlleiras na forxa do pensamento coma Prisciliano e os seus seguidores Baquiario ou Avito. Deixarei tamén para outra vez a espontánea e curiosa Exeria, a “monxa”, autora do primeiro relato de viaxe, feita con perspectiva cristiá, polo que mereceu o título de *Peregrinatio*, á beira do de *Itinerario*. Con eles queda tamén, agardando para mellor ocasión, o poeta dos ideólogos priscilianistas, Arxirio. Todos xuntos fixeron que a Galicia do século V acadara o seu espléndido florecer literario e cultural, que xa quixen deixar destacado co título do meu libro, *O primeiro despertar cultural de Galicia*<sup>6</sup>.

## O século V, século de cambios políticos e culturais.

Son os dous escritores xa nomeados, Orosio e Hidacio, os responsables, en grande parte, de que se coloque no século V a fronteira que marca o punto de partida para a consideración de escritores medievais latinos. Frecuentemente veñen sendo os escritores da época visigótica os primeiros en ser integrados nas nosas letras latinas medievais. Así ocorre, por exemplo, no *Index* de Díaz y Díaz<sup>7</sup>, que comeza co século VI. Nembargantes, J. L. Moralejo, aínda que di:

iniciaremos el cuerpo principal de nuestra crónica con el siglo VI, que se abre precisamente con la retirada de los visigodos a sus territorios hispanos y se cierra con la plena consolidación del reino de Toledo (p.19)

non descoida completamente o século V, e baixo o título de “El fin del mundo antiguo” reférese a Orosio e Hidacio, e máis brevemente a Baquiario, Pastor e

3. Cf. R. Herzog, *Bibelepik I*, Munich 1975 e o art. “Juvencus”, no *Handbuch der römischen Literatur*, t. 5, Munich 1975.

4. Cic. *De leg.* I, 5.

5. A. D. Leemann, *Orationis ratio*, Amsterdam 1963.

6. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela 1989.

7. *Index Scriptorum Latinorum Medii Aevi Hispanorum*, Madrid 1958-1959.

Siagrio<sup>8</sup>. Así mesmo, C. Codoñer en “Los escritores hispanos cristianos” aclara o termo *post quem* sobre o que basea o posterior desenrolo do seu traballo, que se ocupa, entre outros, de Prisciliano e de Exeria<sup>9</sup>.

Con Orosio e Hidacio estamos xa ante dous escritores hispano-romanos, non só pola súa orixe -único sentido no que poden selo os xa citados Séneca, Lucano, Quintiliano ou Marcial- senón polo seu pensamento e os seus sentimentos. Neles, xa se pode observar un cambio de actitude que os vai alonxando de Roma e centrando o seu interese no entorno político-social en que viven. ¿Por que? Porque as circunstancias políticas están cambiando, e dous historiadores perspicaces, coma Orosio e Hidacio, apercibíronse disto desde o primeiro momento. O Imperio romano esborrallábase e á Península chegaban as primeiras incursións xermánicas que acabarán por conformar un reino suevo en Galicia e, uns anos despois, un reino godo en Toledo. Os nosos dous escritores, moi especialmente o pesimista Hidacio, que tomou parte naquela política de cambio tan profundo, deixaron claro testemuño na súa obra do seu posicionamento e do seu pensamento.

Orosio sentía así os novos tempos que se aveciñaban:

As Hispanias xa foron invadidas. Sufríronse mortes e rapinas. É verdade que isto non resulta nada novo, xa que, ó longo destes dous anos, nos que as armas enemigas actuaron con crueldade, os hispanos sufriron de mans dos bárbaros o que sufriron perante douscentos anos de mans dos romanos (...) (VII, 41,2).

A súa opinión sobre a actuación dos romanos queda ben patente, ó mesmo tempo que deixa ver tamén as súas esperanzas fronte ó futuro. Os bárbaros, que xa deixaron as armas, abren unha porta a un futuro esperanzador:

A pesar de todo, os bárbaros, despreciando as armas, adícanse a agricultura e respetan os romanos que quedaron alí pouco menos que coma aliados e amigos, de forma que entre eles xa *hai algúns cidadáns romanos que prefíren aturar a liberdade con pobreza entre os bárbaros a vivir preocupados polos tributos entre os romanos* (VII,41,7).

Non deixa de ser un fermoso canto á liberdade daquelas xentes da Galicia romana que se sentía asoballada polos romanos.

Hidacio, que ve as cousas máis tarde, uns 50 anos aproximadamente despois que Orosio, non é tan optimista ante a nova situación. Gústame recoller aquí a visión máis patética que nos quedou daqueles primeiros tempos da invasión bárbara, ofrecida polo propio bispo de Chaves, contemporáneo dos feitos:

O mesmo tempo que os bárbaros cometen toda clase de excesos por España e a peste non se asaña menos con ela, o recadador de impostos requisa as riquezas e as provisións amoreadas nas cidades, e o exército agótaa. Unha terrible fame esténdese, ata o punto de que os homes, forzados por ela,

8. “Literatura Hispano-Latina”, en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, dirixida por J. M. Díaz Borque, Madrid 1980, pp. 15-137.

9. “Los escritores hispanos cristianos” en *Historia de España II*, Madrid 1982, pp. 523-555.

devoran carne humana, e as nais, tamén elas, se nutren cos corpos dos seus fillos despois de os matar e os cocer. As bestas bravas, afeitadas ós cadáveres dos mortos pola espada, a fame ou a peste, matan os homes máis fortes e, alimentadas coas súas carnes, desenfrenáanse por xalundes, esnaquizando o xénero humano (&48).

Para Hidacio aquilo era o final. Pero xa volveremos sobre disto.

Ideoloxicamente -estamos a falar a nivel dos feitos históricos, logo falaremos tamén desde a perspectiva cristiá dos dous escritores- é posible percibir o cambio. Facer un parangón co que está pasando noutras partes do Imperio levaríanos máis aló do previsto para este traballo. Seguro que o lector estará a preguntarse se tamén a nivel lingüístico é posible falar de diferencias entre a lingua destes escritores do *finis terrae* e os seus predecesores, xa sexan estes de orixe hispana xa procedan de Italia ou calquera outra parte do Imperio. É pregunta que está sempre na boca do curioso intelectual: ¿como se escribía naqueles primeiros séculos en que xorden os primeiros escritores en Galicia?. E, consecuentemente, ¿para quen escribían?. É dicir, ¿quen podía ler aqueles escritos de historia contemporánea, aqueles himnos, aqueles relatos de viaxe? ¿Quen podía estar interesado en tales cousas?.

Teño que empezar por dicir que, pola lingua empregada na obra literaria, a calquera nivel que nos refiramos, gramatical, léxico, estilístico e aínda fonético, non é posible diferenciar en tal época -estoume a referir, claro está, ó século V- un escritor de Galicia doutro romano, de Xerusalén ou da Galia. Para quen lle pareza isto estraño, sobre todo oíndo falar do nivel fonético, quero lembrarlle que os manuscritos que nos transmitiron estes textos -ás veces manuscrito único- son moi serodios en cáseque tódolos casos, co que isto pode significar no proceso de unificación gráfica. Por outra banda, a tese xuvenil -ó redor dos 20 anos- do filólogo alemán K. Sittl<sup>10</sup>, que contou nun primeiro momento co apoio de investigadores tan sobranceiros como Wölfflin, e que pretendía demostrar que, baseándose en particularidades lingüísticas e sintácticas, era posible determinar a procedencia dos escritores en latín a partir xa do século II ou III, foi pronto abandonada por el mesmo, despois de recibir duras críticas, entre outros, de Krol<sup>11</sup>. “Só no alto medioevo, cando empezan a revelarse os primeiros aspectos de diferenciación nas linguas romances, cambia a situación”, di E. Löfstedt<sup>12</sup>. Unicamente o léxico propiciou, nun primeiro momento, opinións para a localización dalgúns autores, pero axiña se viu que tamén este era un método inoperante, a medida que se ía coñecendo mellor o léxico latino medieval. Un claro testemuño do que dicimos é o caso da escritora galega Exeria que, baseándose en razóns só léxicas, foi considerada, por uns, gala, por outros, italiana e, por outros, hispana<sup>13</sup>.

---

10. *Die lokalen Verschiedenheiten der lateinischen Sprache mit besonders Berücksichtigung der afrikanischen Latein*, Munich 1882.

11. *Rheinisches Museum* 52, pp. 569 ss.

12. *Il latino tardo* (trad. ital. de *Late Latin*), Brescia 1980, p. 65.

13. Unha última consideración sobre este aspecto concreto do estudio do léxico de Exeria para determinar a súa orixe pode verse no libro dun dos mellores coñecedores do latín vulgar e tardío, V. Väänänen, *Le journal-épître d'Égérie (Itinerarium Egeriae). Étude linguistique*, Helsinki 1987, pp. 153-157.

Isto era así porque persistía no século V o sistema de educación da escola romana. Durante o catastrófico século V, os romanos, fosen pagáns ou cristiáns, seguiron a confiar no sistema pedagóxico que fora un dos mellores artífices do seu éxito. Tódolos que tiñan interese en participar nas actividades da *Romania* -termo acuñado co noso significado actual por Orosio- aplicábanse á lectura e á escritura, e as abundantes inscricións da Galicia romana fálannos ben da súa latinización, aínda que non poidamos ser moi precisos á hora de sinalar o nivel social ata o que esta chegaba<sup>14</sup>.

Xustamente no século IV, co esborrallamento do Imperio, dáse o momento máis brillante da gramática e o florecemento dos mellores gramáticos latinos, como se se pretendese evitar o contaxio e a transformación do latín, a base de impoñer regras que freasen a evolución. Pola mesma razón aparecen tamén os manuais dos *Rhetores latini minores* ofrecendo normas de composición, elocución, etc., que han proporcionar “poderes, honores, amizades e gloria”, como xa tiña dito Quintiliano<sup>15</sup>.

Deste xeito, conseguíuse manter abertas as escolas e tamén evitar a decadencia nos primeiros anos das invasións. Só cando xa se avanza polas primeiras décadas do século VI, convencidos da nova situación histórica, intelectuais como Boecio ou Casiodoro buscarán unha solución distinta ós problemas escolares e culturais<sup>16</sup>.

A estas circunstancias sociopolíticas orixinadas tralas primeiras invasións dos bárbaros, veñen sumarse outras de carácter relixioso, que é fundamental ter en conta para interpretar a postura da filosofía de Orosio diante da Historia. Se o cristianismo aínda non xogaba un papel trascendental na vida daqueles habitantes da Galicia de comezos do século V, si que se facía sentir con moito peso noutras partes do Imperio coas que entrarían en contacto Orosio e Hidacio, como é o caso de Xerusalén, onde brillaba o saber de Xerome, o caso de Cartago, terra do bispo e do teólogo de máis prestixio do momento, Agostiño, ou de Milán ou de Roma. A beira destes, estiveron por algún tempo os nosos dous escritores.

## Orosio.

Está claro que Orosio foi deica Agostiño, que o enviaría logo a Xerome, movido polo seu afán de saber, pola necesidade de atopar argumentos teolóxicos cos que facer fronte á explosión do priscilianismo que se estaba a dar en Galicia trala execución de propio Prisciliano e catro dos seus discípulos en Trier. Non se pode crer, como se dixo máis dunha vez, que a viaxe a Cartago foi só por fuxir dos bárbaros que chegaran entón a Galicia. O priscilianismo foi a razón oculta desta viaxe, como xa deixei claro noutro lugar (cf. libro citado en n. 6), e aínda que só fose por ese movemento cultural que propiciou, e do que xurdiron Orosio e Hidacio

---

14. Moi ilustrativos neste senso son os libros ben coñecidos de H. I. Marrou, *Historia de la educación en la antigüedad* (trad. J. R. Mayo), Buenos Aires 1965, e para os primeiros séculos da alta Idade Media o máis recente de P. Riché, *Éducation et culture dans l'occident barbare (VIe-VIIIe)*, París 1962.

15. *Inst. Orat.* XII,11,29.

16. Cf. M. Roger, *L'enseignement des lettres classiques d'Ausone à Alcuin, introduction à l'histoire des écoles carolingiennes*, París 1905.

entre outros, aquel primeiro herexe executado pola man da Igrexa xa merecería a nosa admiración. Porque, daquela, xurdiu o primeiro filósofo cristián da Historia: Orosio.

Orosio foi un dos grandes escritores dun xénero tan admirado polos gregos e os romanos como a historiografía. O número de lectores medievais que o utilizaron como fonte xustifica os máis de 300 manuscritos que coa súa *Historia contra os pagáns* circularon por Europa. O rei Alfredo o Grande fixo unha tradución ó anglosaxón, xa no século IX, e un século máis tarde foi o califa de Córdoba, Abderramán III, quen o fixo traducir ó árabe<sup>17</sup>. Non tivo tanta sorte nos tempos modernos e houbo de esperar ata o século XX para que xurdise unha primeira tradución, en inglés. Nembargantes, agora parecen correr tempos mellores para Orosio, xa que na última década atopámonos con tres traducións en castelán e unha en portugués<sup>18</sup>.

Este ano, Portugal, que reclama unha orixe bracarense para Orosio, dispónse a celebrar o XVI centenario do seu nacemento<sup>19</sup>. Albergaría serias dúbidas sobre a orixe bracarense de Orosio e máis aínda sobre o seu nacemento no ano 390, que xustificaría o devandito centenario. Podemos considerar a Braga como a cidade na que exerceu o seu ministerio sacerdotal, porque así parece deducirse destas palabras dirixidas polo presbítero de Braga ó seu bispo Balconio: “A caridade e o consolo de Orosio tróuxome a presenza de todos vós”<sup>20</sup>. O que admite menos dúbidas é a crenza de que era galego, fronte a algúns que lle atribuíron, en tempos pasados sobre todo, orixe tarraconense<sup>21</sup>. O testemuño de Agostiño e de Braulio fano de Galicia<sup>22</sup> e, recentemente, o estudioso francés Y. Janvier pensa que ben puido nacer na Coruña. Sen determe agora a comentar as súas razóns (o interese amosado polo faro de Brigantium, polos Pirineos que se estenden ata Asturias, segundo Orosio) conclúo con estas palabras súas:

Brigantia ne serait-elle pas sa ville natale? Cette suggestion que je dois au professeur Jacques Fontaine mérite assurément d’être versée au dossier du lieu de naissance d’Orose<sup>23</sup>.

---

17. J. Linderski, “Alfred the Great and the Tradition of ancient Geography”, *Speculum* 39 (1964), pp. 434-439. G. Levi della Vida, G. “La traduzione araba delle `Storie di Orosio””, *Miscellanea G. Galbati*, Milano 1951, pp. 185-203.

18. Por orde de aparición: E. Sánchez Salor, *Orosio. Historias*, Madrid 1982; E. Gallego Blanco, *Paulus Orosius. Historia contra los paganos*, Barcelona 1983; C. Torres Rodríguez, *Paulo Orosio. Su vida y sus obras*, La Coruña 1985; J. Cardoso, *Paulo Orósio. Historia contra os pagãos*, Braga 1986.

19. Cf. A. Torres, “No XVI centenario de Paulo Orosio”, *Evphrosyne* 17 (1989), pp. 323-325. Xa en novembro de 1988, anunciáboas na súa conferencia pronunciada na Universidade de Braga, “Braga cultural em dois centenários: Paulo Orósio e D. Frei Bartolomeu dos Mártires”. Cf. tamén J. Cardoso, “Achegas para uma bibliografia Orosiana”, *Bracara Augusta* 39 (1985), pp. 39-43.

20. Ben sei que hai dúbidas de que a carta estea dirixida a Balconio, o bispo de Braga, e por tanto o testemuño é dudoso. A carta pódese ler na *Patrologia Latina* 41, 806.

21. Así pensou no século XV Johannes Trithemius, seguido despois polo cardeal Baronio e Remy Ceiller no seu enorme catálogo en 24 volumes *Histoire générale des auteurs sacrés et ecclésiastiques*, París 1729-1783. Esta opinión, que ven de vello, a penas se sostén xa hoxe.

22. Agostiño di na *Epistula* 169, IV, 13 a propósito do seu encontro con Orosio en Cartago: “Chegou ata min desde o extremo de Hispania, é dicir, desde o litoral oceano”. E Braulio comenta na súa *Epistula* 44, 75-77:

Tende coidado coa doutrina pezoñenta de Prisciliano, florecente non hai moito por esa rexión (Galicia), coa que sabemos que foron corrompidos Dictinio e outros moitos, inclusive o mesmo santo Orosio, aínda que despois Santo Agostiño levouno ó bo camiño.

¿E que dicir da súa data de nacemento? A crítica é cáseque unánime en admitir que no ano 414 tivo lugar o encontro con Agostiño en Cartago<sup>24</sup>, momento no que se refire a el coma “xove colega no sacerdocio”. Se temos en conta que na Igrexa española non era costume ordear pristes antes dos trinta anos, para conxugar o de “xove” e “sacerdote” temos que concluír que Orosio debeu nacer na década 380-390, pero con bastante probabilidade antes do ano 390, que ten sido considerado coma o de seu nacemento.

Quede este *excursus* como unha nota de actualidade oportuna diante desa celebración do XVI centenario de Orosio e volvamos ó noso escritor.

Orosio convértese en historiador por consello de Agostiño. Con anterioridade á súa viaxe a Cartago, non escribira máis ca un *Commonitorium* para darlle conta ó bispo de Cartago dos extravíos dos priscilianistas e orixenistas<sup>25</sup>. Deste contacto co “teólogo da historia”, como gustou de chamar U. A. Padovani a Agostiño, sairá o Orosio historiador, o autor dos *Historiarum adversus paganos libri VII*, como o coñecemos actualmente, pero que levou tamén nalgún manuscrito medieval o título *De civitate Dei contra paganos* que o relaciona ben claramente coa cofecida obra de Agostiño, así coma o de *Moesta mundi* polas “bellorum miserias” que, como el mesmo di, nos describe: terremotos, fames, pestes, tempestades, inundacións, crimes, etc.<sup>26</sup>.

Non vou ser eu quen descubra a Orosio, cando xa apareceron monografías coma as de B. Lacroix ou E. Corsini<sup>27</sup>. Só quero incidir nesta ocasión nalgún aspecto máis saliantable, ben por si mesmo, ben polas connotacións que ofrece para a historia do pensamento hispano e europeo.

Aquel mozo esperto que chegou xunto a Agostiño alá polo ano 414, cando o bispo de Cartago escribía o seu libro XI do *De civitate Dei*, soubo comprender pronto ó seu mestre e, seguindo instrucións del<sup>28</sup>, puxo mans á que había ser a obra

---

24. E. Corsini, *Introduzione alle 'Storie' di Orosio*, Turín 1968, pp. 20 ss.

25. *Commonitorium de errore Priscillianistarum et Origenistarum* editado por G. Schepps, *Priscillianique quae supersunt* (...), Viena 1889. Aínda que non é ocasión de tratalo aquí, quero lembrar a categoría teolóxica de Orosio amosada na refutación da doutrina pelaxianista, sobre a que sostivo unha importante discusión en Xerusalén coa presenza do mesmo monxe Pelaxio e o seu protector, o bispo Xoán. De resultas daquel enfrentamento dialéctico saíra o seu *Liber Apologeticus*. Para completar as referencias á súa obra, cómpre facer unha aclaración sobre do que ás veces lemos dunha Xeografía de Orosio. En realidade, non é máis có comezo do primerio libro das súas *Historias*, que xa desde a Idade Media veu circulando independentemente do conxunto co nome de *Cosmografía*, cf. Y. Janvier ob. cit. n. 23.

26. Dille a Agostiño:

Ordenáchesme que expuxera todo o que atopase, xa desastres por guerras, xa estragos por enfermidade, xa desolacións por fames, xa situacións terribles por terremotos, insólitas por asolamentos, temibles por erupcións de lume volcánico ou cruéis por golpes de trebóns ou caída de pedra, e mesmo as miserias ocorridas nos séculos anteriores por mor de parricidios e outras ignominias” (*Prólogo a Historias I*).

27. B. Lacroix, *Orose et ses idées*, Montreal-París 1965 e E. Corsini, *Introduzione alle 'Storie' di Orosio*, Turín 1968. Para unha completa bibliografía de Orosio, despois da levada a cabo por G. Fink ata 1952 (“Recherches bibliographiques sur Paul Orose” *RABM*, 58 (1952), pp. 271-322), cf. o meu artigo “Estado de la cuestión bibliográfica sobre Orosio” *Euphrosyne* 18 (1990), con máis de 150 novos traballos desde o devandito ano.

28. “Obedecín os teus mandatos, benaventurado Pai Agostiño, e ogallá que o teña feito con tanta eficacia coma boa vontade... Mandáchesme que escribira contra a vana maldade daqueles que, alleos á cidade de Deus, son nomeados “pagáns” polos pobos e vilas de campo nas que viven...” (*Hist. I*, Pról. 1 e 9).

histórica máis lida e máis difundida na Idade Media. Agostiño necesitaba que alguén lle recopilara os desastres sufridos por toda a humanidade antes da difusión do cristianismo, coa fin de artellar probas reais contra dos pagáns que cargaban sobre os cristiáns a responsabilidade da ruína de Roma e moi especialmente as catástrofes do ano 410. El xa argumentara e expuxera o seu pensamento no *De civitate Dei* (I,36; II,25,2), pero precisaba que alguén xuntara probas históricas, xa que el non podía<sup>29</sup>. Así é como entra Orosio no plan de Agostiño e, disciplinado como “un can da casa”, pon mans á obra.

Pero se esta foi a intención de Agostiño, e tamén a de Orosio nun principio, pronto cambiou o historiador de criterio e foi máis aló do que o teólogo pretendía. Esta idea foi maxistralmente exposta por H. I. Marrou<sup>30</sup>. A historiografía saíu ganando co cambio. Ia xurdir a primeira historia universal de carácter literario que podía poñérselle diante dos ollos a aquel culto público pagán e tamén cristián. Aínda que non é este o marco apropiado, non quero deixar de lembrar os méritos literarios da obra de Orosio, empezando pola perfecta adecuación ó *genus medium* característico do xénero historiográfico, en canto se refere á parte narrativa, elevando o ton conforme avanza a narración e sabendo combinar na *descriptio* os máis diversos rasgos formais, nos que non podemos pararnos agora<sup>31</sup>, xa que dada a concepción deste traballo impórtanos a obra, máis que como monumento literario, como clave da historia do pensamento.

Os historiadores clásicos non lle eran descoñecidos, e sabía ben de Livio, César, Suetonio, Tácito, Floro e outros máis. Así mesmo, cita con gusto a Cicerón, Virxilio, Lucano, o “poeta optimus”, e Claudiano. Dante calificou a súa prosa de “altísima”, comparable á de Livio. Teórico da cristiandade, fonte e modelo privilexiado dos historiadores medievais, Orosio merece ben compartir con outros o título de fundador da Idade Media.

A historia escrita nunca, antes del, se remontara máis aló de Abraham. Orosio parte de Adán, co que leva o relato histórico 3.184 anos máis atrás, que son os calculados desde Adán deica Abraham. Este novo punto cronolóxico *Ab Adam* terá innumerables seguidores en toda a historiografía e cronística medieval. Pero isto sería o de menos, se nos quedasemos só na data. O feito transcendental disto é que Orosio lle dá unha viraxe ó pensamento histórico ó converter a teoloxía da historia en historiografía. Os máis grandes historiadores cristiáns anteriores, como Eusebio de Cesarca e o seu traductor e continuador Xerome, non foran máis aló de Abraham, porque non había fontes literarias de ningún tipo, mais agora, Orosio, pola vía do *Xénese*, remóntase ata unha época precientífica, convertendo en científico o que só era teolóxico. A idea foi orixinal, de repercusións indescribibles, e os seus

29. “Se eu poidese recoller os feitos deste tipo que hai na historia, ¿cando acabaría?” (*De civ.* IV,2).

30. Desenvolveu esta idea na súa ponencia ofrecida en Spoleto dentro da semana adicada á historiografía altomedieval, entre o 10 e o 16 de abril de 1969, “Saint Augustin, Orose, et l’augustinisme historique”, *La Storiografia Altomedievale*, Spoleto 1970, pp. 59-87.

31. No último dos sete libros, onde o autor se sente máis seguro, oímoslle dicir a propósito da destitución de Atalo por Alarico: “(...) in hoc Alaricus imperatore *facto infecto, refecto ac defecto* (...)”. (*Hist.* VII,42,7). ¿E que dicir destas aliteracións ó falar das pragas de langostas?: “*tenentes terentes legentesque omnia* (...)”, “(...) *exsecutores, delatores, accusatores, spectatores ac iudices* (...)” (*Hist.* VII, 27,11 e VII,22,6). Podíamos seguir cunha análise literaria dentro do máis pura retórica latina, pero non é este o marco máis adecuado.

resultados na interpretación histórica en Occidente incalculables. Algo comparable ó ocorrido coa física ata Galileo, como nos lembra H. I. Marrou<sup>32</sup>.

A hora de facer a historia do pensamento histórico, hai que contar con Orosio como punto de partida para a interpretación apoloxética e providencialista. Historia para probar contra os pagáns e deixar claro diante os cristiáns que nada sucedeu ou sucede que non sexa obra da man de Deus. Ata o mesmo poderío de Roma non foi debido ós seus deuses, como querían os pagáns, senón que Deus quixo que fose así para que, no momento máis brillante, nacesse Cristo, e os desastres ocorridos antes de El non foron menos que os de despois, como ben o deixa demostrado con exemplos. De aí o optimismo de Orosio, que pensa que *calquera tempo pasado foi peor*. É certo que agora hai males, pero antes foron *graviora*: as guerras son menos crueis cás de antes, os gobernantes menos tiranos, e a mesma natureza é máis benévola e as pragas non causan tantas desfeitas. Todo isto son as consecuencias do providencialismo, do coidado que Deus ten da Historia, na que desastres como o de Adrianópolis acontecen para castigar o arrianismo dos vándalos que estenderon a herexía entre os godos. Por iso mesmo, “os inimigos da Igrexa -como di B. Lacroix- raramente morren de pé”<sup>33</sup>, desde Pilatos a Nerón ou Diocleciano (VII,5,8; VII,7,10-13; VII,10,5-7). ¡Nin que dicir ten a importancia que acadará ó longo da Idade Media este concepto providencialista da historia!

Pero hai algo máis en Orosio, algo que explica, como xa expuxemos ó comezo, o corte ideolóxico con respecto a aqueles escritores que, aínda que nados en España, non son máis que romanos en formación e pensamento: o hispanismo de Orosio, que se deriva de pensamentos como o seguinte:

Hispania sempre enormemente fiel e poderosa, nunca, desde as súas orixes ata hoxe, malia ter dado ó estado romano extraordinarios e invictos xenerais, enviou ningún usurpador nado nela, nin tampouco, se algún de fóra chegou a ela, o deixou saír vivo e con forzas (V,23,16).

O noso historiador parece albiscar unha nova xeira coa chegada dos bárbaros, que xa “deixaran as armas polo arado”, cando, ademais, se decata de que Roma xa non pode protexer Hispania. Orosio empeza entón a confiar no pobo godo, que ha acabar constituíndo o novo reino hispanogodo, e con el a unidade de toda España, que dous séculos máis tarde cantará Isidoro na súa máis coñecida *Laus Spaniae* e na menos lembrada, pero máis significativa, *Recapitulatio*.

Coma antes, no caso do estilo literario, tampouco agora podemos facer aquí unha análise puramente filolóxica para comprobar como *mea patria* é para Orosio España, mentres *patria* non é outra cousa que Roma en canto *res publica*, ou como *tota Hispania* (52 veces) refírese ó conxunto das cinco provincias romanas da península<sup>34</sup>.

É sobre todo no mundo das ideoloxías no que Orosio se amosa máis comprometido con Hispania e sente o orgullo de ser hispano. Isto ocorre moi especialmente no

32. art. cit., p. 72.

33. ob. cit., p. 150.

34. Cf. S. Teillet, *Des Goths à la nation gothique. Les origines de l'idée de nation en Occident du Ve. au VIe. siècle*, París 1984.

último dos seus sete libros, onde vemos ó rei godo Valia intentar acadar a paz, polo que cabe esperar tempos mellores.

Quixera fixarme moi especialmente no caso de Teodosio, porque ademais era galego de Cauca, como di Hidacio<sup>35</sup>.

Entre os emperadores que deu Hispania a Roma, está Teodosio, prototipo de *princeps christianus* e modelo de contraposición ó *tyrannus*, segundo se desprende das propias palabras do noso historiador no libro VII,34,2:

Graciano, ó ver que a situación do Estado era ruínosa e case moribunda, elixiu tamén a un home hispano, Teodosio, coa mesma boa visión con que noutro tempo Nerva elixira igualmente a un hispano, Traxano (...).

Orgullo similar polo comportamento hispano percibimos que o sente diante da bravura dos cántabros e astures, a árdua resistencia dos numantinos ou o heroísmo dos saguntinos, igual có que tiveran antes os galegos no monte Medulio, cando recorreran ó suicidio colectivo, diante da imposibilidade de resistir por máis tempo as armas dos romanos (VII,21,6-8).

Estase a producir un cambio ideolóxico ben patente con respecto á forma de pensar dos anteriores escritores nados en España, e anúncianse xa uns novos roteiros que seguirá Hidacio e continuará Xoán de Biclara ata acabar no nacionalismo hispanogodo de Isidoro.

## Hidacio.

Vexamos, pois, como se comporta o segundo dos nosos historiadores, Hidacio, cultivador tamén dun subxénero histórico, a crónica, pero que viviu máis dramaticamente os difíciles momentos que estaba a pasar Galicia, e que participou activamente na vida política do novo reino svevo, actuando de embaixador dos romano-galaicos ante o xeneral Aecio, que estaba na Galia para expoñerlle o problema que presentaban os suevos ó non respetar os pactos firmados polo rei Hermerico cos galegos (a. 433).

Hidacio é, entre os escritores de Galicia, o que presenta menos dúbidas sobre a súa orixe. El mesmo dinos que naceu na Limia<sup>36</sup> -no fin do mundo "extremus plagae"- e que sendo aínda un cativo viaxou a Xerusalén, o que nos leva a pensar nunha ascendencia familiar de alto poder económico<sup>37</sup>. Foi precisamente en

---

35. "Theodosius, hispanus de Gallaecia, civitate Cauca" di Hidacio *Crónica* &2 (Ed. de A. Tranoy, *Hydace. Chronique*, París 1974. Cauca é normalmente identificada con Coca (Segovia), que entón pertencería a Gallaecia. Outras identificacións, como Cacabelos (M. Rabanal Alonso, *Hispania Antiqua* 3 (1973), pp. 311-317)) ou Viveiro (E. Chao Espiña, *Bracara Augusta* 29 (1975), pp. 43-59), non acadaron acollida.

36. "Hydatius, provinciae Gallaeciae natus in Lemica civitate (...) ut extremus plagae, ita extremus et vitae (...)" *Chron. praef.* &1. Esta *Lemica civitate* de Hidacio identifícase co *forum Limicum* de Ptolomeo, é dicir, con Xinzo de Limia, cf. Rodríguez Colmenero, *Galicia meridional romana*, Bilbao 1977, pp. 23 ss.

37. Na súa narración cóntanos ó chegar ó ano 407 que viaxou a Xerusalén cando era "infantulus et pupillus", o que vale tamén para orientarnos algo sobre a súa data de nacemento.

Xerusalén onde se atopou con Xerome, que por entón xa fixera a súa versión da Biblia, a *Vulgata*, e, sobre todo para quen fá ser o primeiro cronista hispano, xa traducira e completara a *Crónica* que escribira en grego Eusebio de Cesarea. Bastantes anos máis tarde<sup>38</sup>, despois de ser nomeado bispo de Chaves o ano 427, detido na mesma catedral polo rei suevo Frumario o 460 e permanecer tres meses na cadea, púxose a escribir a súa *Crónica*, tan na liña de Xerome que el mesmo afirma no prólogo que empeza no ano en que aquel acabou, converténdose desta maneira no historiador dos suevos en Galicia<sup>39</sup>. Escribiu, pois, xa de vello e próximo á morte, que ocorrería máis ou menos polo ano en que acaba a súa obra, o 469.

Do estilo literario dunha crónica non paga a pena dicir nada, cando é escueta e seca como a de Hidacio. Non radica aquí a importancia do noso escritor, nin o de calquera cronista. “O seu relato é esquelético, pero válido pola súa sobriedade e precisión”, dixo C. Courtois<sup>40</sup>. Non era outra a intención dun cronista. O historiador relata os feitos, pero de forma literaria, elegante e amplificada; o cronista fixa os anos, calcula meses e días, anota con brevidade os feitos, conserva o recordo dos sucesos, presaxios e milagres con sinxeleza e concisión. Así era Hidacio que se ativo estrictamente ás características do xénero e deixounos unha crónica parca e seca, de frases curtas, na que só de cando en vez aboia o seu talento narrativo, como é o caso do texto que deixamos traducido antes, ou mesmo o da descripción do saqueo de Braga e Astorga (&147 e &186).

A mesma transmisión manuscrita da súa obra -tan só cinco manuscritos fronte ós máis de 300 de Orosio- marca xa as diferencias coas que acolleu a posteridade a obra de Hidacio e de Orosio, aínda que Isidoro de Sevilla aproveitouno a fondo na súa *Historia Gothorum, Vandalorum et Suevorum*. A pesar da súa humildade retórica, posta de manifesto no prólogo, a súa obra, con respecto ós seus saberes, temos de concluír que pertencía á elite dos máis instruídos de Galicia, pois coñecía cando menos a Livio e Xulio Obsequens, entre os historiadores latinos, ademais de Xerome, Agostiño, Pauliño de Nola, Merobaudes e Sulpicio Severo<sup>41</sup>.

Precisamente aquí radica un dos méritos que sempre se atribúe a Hidacio: o de ser o primeiro cronista hispano<sup>42</sup> e ter introducido un xénero de tanta transcendencia para a Idade Media en España que o continuarían Xoán de Biclara, Isidoro de Sevilla, Alfonso III e tantos outros<sup>43</sup>.

---

38. Puido ter sido monxe antes de ser nomeado bispo, se interpretamos a súa *conversio ad Deum*, da que el nos fala coma unha especial consagración a Deus, xa que cristiano debía selo de familia, como cabe deducir polos bispos que visita e coñece en Xerusalén cando, sendo un rapaz, viaxou alá.

39. A *Crónica* de Xerome acaba o ano 2394 de Abraham, é dicir, o 378 da era cristiá, e Hidacio principia o ano 379 co emperador galego Teodosio e acabará o 469, no goberno do emperador León.

40. *Les Vandales et l'Afrique*, París 1955, p. 56, n. 6.

41. A lectura da *Vita Martini* do historiador galo supón unha grande e sorprendente actualización de Hidacio xa que, escrita arredor do ano 397, parece coñecer polo ano 405. Merobaudes, admirado poeta, foi comparado cos escritores clásicos, o que nos obriga ademais a pensar que tamén os coñecía: “Eloquentia merito vel maxime in poematis studio veteribus comparandus” (&128).

42. Ben explícito é o título dun dos traballos que C. Torres Rodríguez lle adicou ó noso escritor: “Hidacio, el primer cronista español” *RABM* 62 (1956), pp. 755-795.

43. Cf. J. N. Hillgarth, “Historiography in Visigothic Spain” e M. C. Díaz y Díaz, “La historiografía hispana desde la invasión árabe hasta el año 1000”, en *La Storiografia Altomedievale*, Spoleto 1970, pp. 261-311 e pp. 313-343, respectivamente.

Como xa dixemos a propósito de Orosio, non son razóns literarias as que traen a Hidacio aquí, senón o que ámbolos dous supuxeron para a historia do pensamento na Idade Media, e a través dela no mundo moderno. Porque hoxe non hai que dar máis que dous pasos atrás para atoparnos aínda coa Era hispánica<sup>44</sup> coma forma de datar na nosa historia, nas inscricións, nos monumentos artísticos, etc. Pois ben, esta Era aparece, por primeira vez, na obra de Hidacio e a el ven sendo atribuída, aínda que isto non me parece totalmente seguro, como xa o deixei dito noutra ocasión<sup>45</sup>.

¿Que significa, pois, desde a perspectiva das ideas, do pensamento, a figura de Hidacio no ámbito das letras latinas? Penso que se pode dicir que foi o primeiro escritor que tomou conciencia da singularidade histórica e política do seu pobo, á fronte do cal acudiu no ano 432 como embaixador ó encontro con Aecio, o xeneral romano na Galia, e a partir desta data á súa *Crónica*, que fora concebida como universal e continuadora da de Xerome, esquecese das grandes noticias do mundo para converterse en historia dos suevos en Galicia. Os indíxenas galaicos estaban a sufrir e padecer moito por culpa das invasións -como se ve polo texto que xa dimos- e o *lacrimabile tempus!*, de Xerome, convértese agora en *lacrimabilis eiusdem direptio civitatis!*, referida a Braga.

Xa advertiu Menéndez Pidal dunha “enorme grieta entre la España de Hidacio y el Imperio”<sup>46</sup>. A terra na que vive, Galicia, é algo máis ca un nome para Hidacio. É un pobo que vive os seus propios problemas ante as invasións bárbaras, á marxe do que pasa na Península. O problema dos bárbaros vese acrecentado polo priscilianismo que está a dividir os bispos e con eles os pobos, nun intre en que fai falla conxugar tódolos esforzos para opoñerse ós invasores. É esta unha nova perspectiva que cómpre non esquecer cando se enfoca a postura de Hidacio diante do priscilianismo.

Galicia aparece en Hidacio como un pobo con personalidade e personalidades políticas e eclesiásticas de grande influencia no mundo do século V, o que provoca o seu orgullo e compracencia ó narrar os feitos. El trata de implicar a Igrexa nos problemas políticos do momento e vai el mesmo, como bispo representante, entrevistarse con Aecio. Nada lle producía máis dor cós desastres de Galicia, incluso por riba dos que está a sufrir o Imperio<sup>47</sup>. Pero séntese satisfeito facendo arrancar a súa *Crónica* dun emperador de orixe galaica, coma Teodosio (“natione Spanus de provincia Gallaecia”), para quen todos son eloxios, e non dubida en ocultar certos datos que podían desprestixialo. Así, non di nada das dificultades que atravesou para facer fronte ós godos, tendo que recorrer a medios diplomáticos para salvar a situación diante de Atanarico, ó que chama inexactamente “rex Gothorum”, omitindo tamén a noticia sobre os solemnes funerais cos que o

---

44. Sobre as razóns dadas para a explicación desta Era, cf. A. D’Ors, *La era hispánica*, Pamplona 1962 e A. Ferrari, “El año 38 a. C. en Casio Dio, San Jerónimo y Orosio” *BRAH* 166 (1970), pp. 139-166. Sobre a súa utilización na literatura hispánica, cf. J. Vives Gatell, “Notas sobre la era hispánica” *HS* 14 (1961), pp. 473-475.

45. No libro citado en nota 6, pp. 152-153.

46. *Historia de España III*, Madrid 1940, p. XXIV.

47. “(...) conclusi in angustias Imperii Romani (...) et quod est *luctuosius*, intra extremam universi orbis Gallaeciam” (*praef.* & 7)

honrou. De aí lle ven tamén a súa aversión ó emperador hispano Máximo, que se rebelou contra o galaico Teodosio.

A mesma satisfacción que a Teodosio prodúcelle a Hidacio a visión dos galaicos facendo fronte ós invasores desde os seus castros, construídos na época celta, nos que agora se refuxiaron, ata que xa non resisten máis e hai que recorrer a métodos diplomáticos, as embaixadas. Nin así a paz é definitiva, e Hidacio desespera de toda posibilidade de mellora. De aí o seu pesimismo. El mesmo acaba na cadea. ¡Bo final para a primeira testemuña daqueles difíciles momentos da Galicia do século VI!

*Xosé Eduardo López Pereira*  
Universidade de Santiago de Compostela